




Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, nº 28, 2ºD
15005 A Coruña

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 91328 / RX 1508735

Data 26/10/2017 10:22:27



N/ref.: JAS/prf

Exp. CTG: RSCTG/0041/2017, RSCTG 0042/2017 e RSCTG 0043/2017

CONCESIÓN DE INFORMACIÓN

Con data 25.03.2017, Miguel A. Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia (PLADESEMAPESGA), presentou ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social solicitude de información pública ó amparo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, con número de entrada 2017/762880.

O 2.05.2017 PLADESEMAPESGA presenta tres reclamacións ante a institución do Valedor do Pobo, por entender desatendidas unha solicitude de acceso á información por parte da Consellería de Política Social, Consellería do Mar e Grupo de Acción Costeira da Costa da Morte (GAC-3).

O 17.10.2017 ten entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela a resolución da Comisión de Transparencia de Galicia en relación coas reclamacións presentadas ás que se refire o parágrafo anterior.

A citada resolución estima parcialmente a reclamación presentada por Miguel A. Delgado González en nome e representación da Plataforma en Defensa do Sector Marítimo Pesqueiro de Galicia (PLADESEMAPESGA), instando á Consellerías do Mar, á Consellería de Política Social e ó GAC-3 a responder a petición de información solicitada. Segundo a propia resolución, a información solicitada e que debe ser remitida é *"a copia completa do proxecto publicado do GAC para o solar da Insua a través do GAC3"*.

Analizada o obxecto da mesma, a Consellería de Política Social non ten ningunha documentación relacionada co proxecto do GAC3 ó que se refire a solicitude.

O único expediente en relación con un centro sociocomunitario no Concello da Laracha do que se ten constancia é o convenio de colaboración asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, ente instrumental desta consellería, e o citado concello para o financiamento, mediante fondos propios, das obras para a construción dun centro desa tipoloxía no núcleo urbano de Caión.

En consecuencia, **resólvese concederlle acceso á información da que se dispón e que poida ter algunha relación coa identificada na resolución da Comisión de Transparencia de Galicia, de data 09.10.2017.**



A estes efectos acompáñase á comunicación desta resolución a seguinte documentación:

- Copia do convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello da Laracha para o financiamento das obras de construción do centro sociocomunitario do Concello da Laracha , de data 7.09.2016.
- Copia da addenda ao convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o concello da Laracha para o financiamento das obras de construción do centro sociocomunitario do Concello da Laracha , de data 1.06.2017.
- Documento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar no que se dá constancia do pagamento con fondos propios do importe correspondente a primeira anualidade do convenio.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co preito no artigo 8.3 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2017

